

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 18 DE NOVEMBRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da obra: "Seguridade viaria. Mellora da intersección da LU – 710 (Baralla – O Cádavo) coa LU -530 (Lugo – A Fonsagrada), no termo municipal de Baleira", por importe de trescentos vinte e sete mil catrocentos corenta e oito euros con dezaioito céntimos (327.448,18 €)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Ferrol.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a iniciar cantos trámites sexan necesarios para a contratación centralizada dos teléfonos de información da Xunta de Galicia que se integrarán no 012.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a fusión entre a Caixa de Aforros de Galicia e a Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Betanzos, para a adquisición e rehabilitación de edificios no centro histórico de Betanzos, por importe de setecentos mil euros (700.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vilalba, para a adquisición e rehabilitación de edificios no centro histórico do concello, por importe de trescentos mil euros (300.000,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento da XX edición do Programa de formación en internacionalización de empresas e comercio exterior, por importe de cento tres mil cincocentos euros (103.500,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e *Pequeños y Medianos Astilleros Sociedad de Reversión, S.A.* (PYMAR), para o fomento da construción naval en Galicia, mediante a suplementación da capacidade de afianzamento do Fondo patrimonial de garantías de PYMAR, para a terminación e entrega do buque en construción nº 533 de *Factorías Vulcano, S.A.* a *Armada Seismic Invest II As*, por importe de dezaseis millóns setecentos mil euros (16.700.000,00 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición dos compromisos de gasto de carácter plurianual necesarios para o asinamento do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Grupo de Persoas con Discapacidade da Coruña (GRUMICO), para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia da Coruña polo importe máximo de trinta e seis mil oitocentos vinte e un euros e vinte e dous céntimos(36.821,22 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a prestación do servizo de comedor escolar ao Centro de Educación Especial Príncipe Felipe de Pontevedra, por un importe total de nove mil douscentos trinta e un euros e corenta e dous céntimos(9.231,42 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 2.612 m², feita a título gratuito polo Concello do Marín (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 4.370,60 m², feita a título gratuito polo Concello de Barbadás (Ourense) a favor de Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde na Valenzá.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da cláusula adicional terceira ao concerto do 1 de xuño de 2007, para a reserva e ocupación de prazas para enfermos con trastorno mental persistente nos dispositivos complementarios de rehabilitación coa Asociación de Axuda ao Enfermo Mental "DOA", pola que se incrementa o número de prazas concertadas nestes dispositivos, por un importe de dezanove mil cincocentos sesenta e cinco euros (19.565,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga, por razóns de interese público, do concerto singular establecido polo Servizo Galego de Saúde e o hospital *Povisa S.A.* para a continuidade da prestación de servizos sanitarios.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Portomarín, para a realización das obras de posta en valor do Camiño Francés a Santiago de Compostela, no espazo público de Gonzar, por un importe total de trescentos vinte e catro mil novecentos sesenta e oito euros con vinte e seis céntimos (324.968,26 €).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria e da Consellería de Traballo e Benestar, o Concello de Cerceda e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para a construción dun centro de día e residencial para persoas maiores dependentes, por importe total de dous millóns oitocentos oito mil noventa e seis euros con seis céntimos (2.808.096,06 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a concesión pola Consellería do Mar dunha axuda económica de cinco millóns setecentos oitenta e tres mil catrocentos cincuenta e sete euros (5.783.457,00 €) á AGRUPACIÓN DE FABRICANTES DE ACEITES MARINOS, S.A. (CIF: A-36604783), para a execución do proxecto: "Nova planta de procesado" que se vai realizar no concello de Mos (Pontevedra).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia, do 23 de setembro de 2010, do Presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, do servizo de emerxencia de subministración de auga potable para abastecemento á poboación desde a estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Caldas de Reis para solucionar a situación de grave perigo de desabastecemento ocasionada por circunstancias extraordinarias acaecidas no contorno de Caldas, de clave EM 10.004, por un importe de cento quince mil euros (115.000,00 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da tramitación, polo procedemento de emerxencia, do expediente de obras de reparación de fachada interior do edificio denominado Ferradura de 122 VPP na rúa alcaldesa Berta Tapia, en Labañou, A Coruña. Expediente: C-2010/REP EM 01, por un importe de seiscentos catro mil trescentos setenta e oito euros e quince céntimos (604.378,15 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA

- Informe sobre a convocatoria eólica re-Xurde 2010

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a sexta fase de medicamentos xenéricos e a evolución do gasto farmacéutico no mes de outubro.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do Programa Xuventude Crea.

O CONSELLO APROBA O INICIO DAS EXPROPIACIÓNS PARA MELLORAR A INTERSECCIÓN DA ESTRADA BARALLA- O CÁDAVO (LU-710) COA LUGO-FONSAGRADA (LU-530), EN BALEIRA

- *A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Infraestruturas, financia a mellora da seguridade viaria en Baleira coa achega económica de máis de 327.000 euros*
- *As obras, na Montaña lucense, incluídas dentro deste proxecto consisten na construción dunha rotonda na citada intersección, no núcleo urbano do Cádavo*
- *As actuacións, cuxo prazo de execución é de tres meses, benefician unha poboación de 1.584 habitantes do Concello de Baleira*
- *Esta actuación inclúese dentro das obras que a Xunta de Galicia está a executar para vertebrar a montaña lucense*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da obra de mellora de seguridade viaria na intersección da estrada Baralla- O Cádavo (LU-710) coa Lugo- Fonsagrada (LU-530), na Montaña lucense.

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Infraestruturas, financia esta execución de seguridade viaria coa achega económica de máis de 327.000 euros.

As obras incluídas dentro deste proxecto consisten na construción dunha rotonda na actual intersección das estradas LU-710 e LU-530, no núcleo urbano do Cádavo, situado no concello lucense de Baleira.

No que se refire a características técnicas, a sección tipo da rotonda conta con carrís de 2 x 4 metros, beiravías interiores e exteriores e un anel remontable.


As unidades principais de obra centraranse nunha escavación en terra vexetal, demolición de beirarrúa e rozas. Tamén se estenderá unha mestura bituminosa en quente e urbanizaranse e reporanse servizos públicos. O proxecto prevé traballos de drenaxe lonxitudinal e transversal e colocación de sinalización e balizamento.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a realización deste tipo de actuacións, pretende proporcionar á cidadanía unha rede viaria segura que mellore as súas condicións de vida. Ademais, foméntase o desenvolvemento económico e social nos concellos galegos, mellorando a accesibilidade dos seus habitantes.

Estas actuacións, cuxo prazo de execución é de tres meses, benefician unha poboación de 1.584 habitantes do concello de Baleira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Esta actuación inclúese dentro das obras que a Xunta de Galicia está a executar para vertebrar a montaña lucense. Concretamente complementa as obras de execución da estrada Baralla-O Cádavo nas cales se están a investir 11 millóns de euros.



O CONSELLO APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULA A ESTRUTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DE FERROL

- *O seu obxectivo é adaptar a organización do Sergas nesta área sanitaria ao disposto no Decreto 168/2010, homoxeneizando as denominacións e as funcións da estrutura directiva existente*

O Consello da Xunta, na súa xuntanza semanal, aprobou esta mañá o decreto polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Ferrol. O seu obxectivo é adaptar a organización do Sergas nesta área sanitaria ao disposto no Decreto 168/2010, polo que se establece a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, homoxeneizando as denominacións e as funcións da estrutura directiva existente.

Neste sentido, o texto sinala que esta estará formada por órganos unipersoais –a Xerencia de Xestión Integrada e as direccións de Procesos Asistenciais, Recursos Económicos e Recursos Humanos- e pola Comisión de Dirección, que será o seu órgano colexiado.

Así mesmo, poderán constituírse as comisións precisas para asesorar sobre xestión clínica e por procesos, docencia e investigación, calidade, seguridade e atención á cidadanía, así como calquera outra que se considere necesaria. As funcións de cada órgano directivo serán as establecidas no Decreto 168/2010.

Por último, o decreto aprobado hoxe recolle que a estrutura xestionará todos os servizos sanitarios –atención primaria, especializada e sociosanitaria- dos concellos de Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez, Pontedeume, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA INICIA OS TRÁMITES PARA A INTEGRACION DE DIVERSOS
TELÉFONOS DE INFORMACIÓN NO NÚMERO 012**

- *Van ser integrados no 012 un total de 10 servizos telefónicos, o que representa un importe estimado do aforro de seis millóns de euros nunha lexislatura*
- *Os teléfonos de emerxencias seguirán operando como ata agora, tanto o 061 (Urxencias sanitarias), como o 112 (Emerxencias de Galicia) e o 085 (Teléfono de Incendios)*

O Consello da Xunta acordou hoxe na súa xuntanza semanal iniciar os trámites para a contratación centralizada dos teléfonos de información da Xunta de Galicia que se integrarán no teléfono 012, unha medida que permitirá aforrar seis millóns de euros nunha lexislatura ao integrar dentro do teléfono de Atención e Información ao Cidadán da Xunta de Galicia 012 dez teléfonos de información que operan na actualidade de xeito independente.

Así o informou no Consello da Xunta o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, que explicou que a finalidade desta operación é dispor dun teléfono de información que sexa a porta de entrada para o cidadán, a través da cal reciba a información e orientación que máis lle interese.

Así, os actuais teléfonos de información en materia de vivenda (902.100.054); o de información ás mulleres (900.400.273); o teléfono Quérote (902.141.617); o teléfono Xove (902.152.535); o teléfono do Voluntariado (900.400.800); o teléfono de atención aos usuarios do Servizo de Emprego de Galicia (902.125.000 e 902.262.902, para demandantes e empregadores, respectivamente); o teléfono social (900.333.666); e o teléfono 065; quedarán todos integrados no 012.

Vaise incluír tamén neste servizo centralizado un novo servizo correspondente á área de dependencia da Consellería de Traballo e Benestar, que vai abarcar toda a información xeral en materia de dependencia, a información do trámite administrativo en que se atopan os expedientes iniciados e a xestión de citas de valoración do grao de dependencia. Ademais, desde o pasado 1 de abril, o teléfono do Agro Galego (902.112.000), dependente da Consellería de Medio Rural, xa opera con total normalidade integrado no 012.

Doutra banda, é de salientar que os teléfonos de emerxencias seguirán operando como ata agora, tanto o 061 (Urxencias sanitarias), como o 112 (Emerxencias de Galicia) e o 085 (Teléfono Incendios).

Vantaxes para os usuarios

A integración de teléfonos no número unitario 012 ofrecerá unha serie de vantaxes para o usuario como é a sinxeleza do número, fácil de lembrar e marcar; a coherencia na información; ou a oferta dun servizo integral, posto que o mesmo operador pode responder calquera consulta realizada polo cidadán, independentemente da súa tipoloxía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ademais, o 012 ofrece varias canles de comunicación, tanto para a demanda de información como para a súa recepción, porque xunto ás convencionais chamadas telefónicas, tamén se pode empregar o correo electrónico e as mensaxes SMS. Mediante estes tres sistemas, o usuario poderá recibir tamén solicitudes, formularios, folletos, trípticos e incluso avisos e alertas.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A FUSIÓN QUE DARÁ LUGAR Á QUINTA CAIXA DE ESPAÑA

- *Galicia logra ser unha das comunidades que mantén peso financeiro cunha caixa propia, próxima, eficiente e identificada co territorio*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a fusión de Caixa Galicia e Caixanova que dará lugar á quinta caixa e á décima entidade financeira de España. A comunidade logra desta maneira ser unha das autonomías que mantén peso financeiro cunha caixa propia, próxima, eficiente e identificada co territorio..

Así, con esta autorización, Galicia terá unha nova entidade financeira galega, con centros de decisión nesta comunidade; solvente, avalada tecnicamente polos estudos previos, ratificados polo Banco de España, pola Comisión Xestora do FROB e polas probas de estrés realizadas ao proxecto; con futuro, cumprindo mesmo as futuras normas de Basilea III; e equilibrada e partitaria, cunha repartición dos órganos de goberno e do equipo directivo que aproveita as potencialidades de cada entidade precedente.

Tras esta autorización Caixa Galicia e Caixanova asinarán a escritura pública de constitución da nova entidade financeira, prodecerán a inscribirla no Rexistro Mercantil e no Rexistro de Caixas de Aforros da Xunta de Galicia, co que o 1 de decembro serán unha única entidade para todos os efectos, tal e como estaba previsto.

A XUNTA INICIA A POSTA EN VALOR DO CENTRO HISTÓRICO DE BETANZOS CUN INVESTIMENTO DE 700.000 EUROS PARA ADQUIRIR EDIFICIOS NA ZONA HISTÓRICA DESTE CONCELLO

- *O Consello da Xunta autorizou o convenio entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Betanzos para adquirir edificios que posteriormente serán rehabilitados polo IGVS*
- *As vivendas resultantes serán adxudicadas seguindo a normativa da vivenda de promoción pública*
- *Preténdese que a actuación teña un carácter didáctico e de fomento da iniciativa privada co fin de recuperar a totalidade do centro histórico betanceiro*
- *O casco histórico de Betanzos constitúe un valioso exemplo dun conxunto que merece ser conservado e posto en valor tanto pola riqueza arquitectónica das súas edificacións como polos seus valores ambientais, históricos e culturais*
- *Betanzos foi declarada Área de Rehabilitación Integral en 2002 e desde entón rehabilitáronse máis de 100 vivendas*

O Instituto Galego da Vivenda e Solo destinará un máximo de 700.000 euros á adquisición de edificios no centro histórico de Betanzos para a súa rehabilitación como vivendas, segundo establece o convenio entre o IGVS e o Concello de Betanzos aprobado hoxe polo Consello da Xunta.

Segundo o dito convenio, o concello encargárase de seleccionar os edificios do centro histórico urbanisticamente aptos para a súa rehabilitación como vivendas, e propondrá a súa adquisición ao IGVS. O concello comprométese a presentar antes de finais de mes as opcións de compra en que figurará como beneficiario o IGVS determinándose o prezo de adquisición por medio de informe de taxador independente tendo en conta a normativa de solo e valoracións.

O IGVS destinará un máximo de 700.000 euros á adquisición dos edificios que seleccione e que posteriormente serán rehabilitados e destinados a vivendas que se adxudicarán conforme o establecido na normativa aplicable ás vivendas de protección oficial de promoción pública.

O centro histórico de Betanzos constitúe un valioso exemplo dun conxunto que merece ser conservado e posto en valor tanto pola riqueza arquitectónica das súas edificacións como polos seus valores ambientais, históricos e culturais.

Para contribuír a este proceso de recuperación do centro histórico de Betanzos foi declarada en 2002 unha área de rehabilitación integral co fin de promover a rehabilitación de edificios, vivendas e urbanización. Ao abeiro desta declaración, están a financiarse actuacións tanto de reurbanización, promovida polas administracións públicas, como de axuda á rehabilitación de edificacións destinadas a vivendas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

promovidas pola iniciativa privada. O número de actuacións promovidas ata o momento ascende a 116 vivendas.

Co obxectivo de conseguir a completa rexeneración dun centro histórico en que existen moitas edificacións de gran riqueza arquitectónica pero que se atopan nun proceso de abandono e degradación que require intervencións inmediatas, faise necesaria a actuación pública directa na promoción da rehabilitación e reconstrución de edificios destinados prioritariamente a vivenda.

A necesidade destas actuacións vén xustificada pola necesidade de alcanzar os seguintes obxectivos:

- Incrementar o número de actuacións de rehabilitación nun centro histórico extenso e no cal existen moitas edificacións abandonadas e en claro proceso de degradación.
- Rehabilitar e recuperar as edificacións que resultan esenciais para a rexeneración do conxunto urbano, pero que polas súas características dificilmente van ser obxecto de actuacións de rehabilitación por parte da iniciativa privada.
- Potenciar o carácter didáctico da rehabilitación pública, de xeito que estas actuacións, polo seu respecto aos valores arquitectónicos e ambientais, poidan servir de modelo e exemplo para o resto das actuacións que vaian ser realizadas pola iniciativa privada.
- Contribuír á integración social das persoas beneficiarias das actuacións públicas en materia de vivenda, inserindo estas actuacións no medio do tecido urbano e contribuíndo a eliminar a segregación social no ámbito urbano.
- Incrementar a oferta de vivendas de promoción pública sen necesidade de incrementar a colonización do territorio non urbanizado contribuíndo a un proceso de desenvolvemento sustentable mediante a recuperación e reutilización das edificacións existentes.

A adquisición e rehabilitación de edificios no casco histórico de Betanzos afonda na política de rehabilitación da Xunta de Galicia, que vén actuando da mesma maneira en centros históricos como os de Lugo (Tinería), Ourense (zona vella), Vigo (zona vella), Vilalba e outros espazos singulares coma o barrio dos Muíños (Mondoñedo), Mazoi (Lugo) ou o poboado mineiro de Fontao (Vila de Cruces).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O IGVS DESTINARÁ 300.000 EUROS A ADQUIRIR EDIFICIOS PARA REHABILITAR NO CENTRO HISTÓRICO DE VILALBA**

- *O Consello da Xunta autorizou o convenio entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vilalba para adquirir edificios que posteriormente serán rehabilitados polo IGVS*
- *As vivendas resultantes serán adxudicadas seguido a normativa da vivenda de promoción pública*
- *Preténdese que a actuación teña un carácter didáctico e de fomento da iniciativa privada co fin de recuperar a totalidade do centro histórico de Vilalba*
- *Vilalba foi declarada Área de Rehabilitación Integral en 2000 e desde entón rehabilitáronse máis de 200 vivendas*

O Instituto Galego da Vivenda e Solo destinará un máximo de 300.000 euros á adquisición de edificios no centro histórico de Vilalba para a súa rehabilitación como vivendas, segundo establece o convenio entre o IGVS e o Concello de Vilalba aprobado hoxe polo Consello da Xunta.

Segundo o dito convenio, o concello encargárase de seleccionar os edificios do centro histórico, urbanisticamente aptos para a súa rehabilitación como vivendas, e propondrá a súa adquisición ao IGVS. O concello comprométese a presentar antes de finais de mes as opcións de compra en que figurará como beneficiario o IGVS determinándose o prezo de adquisición por medio de informe de taxador independente tendo en conta a normativa de solo e valoración.

O IGVS destinará un máximo de 300.000 euros á adquisición dos edificios que seleccione e que posteriormente serán rehabilitados e destinados a vivendas que se adxudicarán conforme o establecido na normativa aplicable ás vivendas de protección oficial de promoción pública.

No centro histórico de Vilalba existe unha área de rehabilitación declarada no ano 2000 a través da cal se están realizando tanto actuacións de urbanización e reurbanización como de rehabilitación de edificios e vivendas por parte dos seus propietarios. O número de actuacións promovidas ata o momento ascende a 226 vivendas.

A actuación directa do IGVS adquirindo e rehabilitando edificios que dificilmente poderían ser postos en valor pola iniciativa privada ten un carácter didáctico e de fomento da iniciativa privada, como se está a realizar en centros históricos como os de Lugo (Tinería), Ourense (zona vella), Vigo (zona vella), e outros espazos singulares coma o barrio dos Muíños (Mondoñedo), Mazoi (Lugo) ou o poboado mineiro de Fontao (Vila de Cruces).

ECONOMÍA E INDUSTRIA APOIA A ORGANIZACIÓN DO MÁSTER EN DIRECCIÓN E XESTIÓN DE COMERCIO EXTERIOR DA USC

- *A Xunta considera fundamental este programa como medio para formar profesionais competitivos en Galicia*
- *O posgrao, que alcanza a súa vixésima edición, contou xa desde os seus inicios co apoio da Administración autonómica*

O Consello da Xunta autorizou á Consellería de Economía e Industria para a sinatura dun convenio coa Universidade de Santiago de Compostela mediante o cal se subvencionará a XX edición do Programa de Formación en Internacionalización de Empresas e Comercio Exterior que o centro leva organizando desde o ano 1991.

Desde que a Universidade de Santiago, a través da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, organizou este curso por vez primeira hai vinte anos, véñense asinando convenios de colaboración para a realización deste curso coa finalidade de formar profesionais neste eido. En total, a Xunta e a USC investirán case 300.000 euros.

Este programa caracterízase por unha formación multidisciplinar que abarca distintas materias relacionadas coa actividade internacional (márketing, finanzas, dereito, loxística e transporte) con clases bilingües español-inglés impartidas por docentes altamente especializados e unha metodoloxía totalmente práctica e que mantén unha estreita vinculación co mundo da empresa. Na edición deste ano, ademais, amplíase a formación ofrecida aos estudantes mediante a inclusión de varios cursos semipresenciais de formación continua.

A Xunta de Galicia considera de especial importancia a organización desta nova edición do Máster, xa que valora que o seu programa contribúe a aumentar a competitividade dos recursos humanos do noso país, dotándoos do grao de capacitación e capacidade necesarias para xerar actitudes empresariais dinámicas e emprendedoras no eido internacional.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO POLO QUE A XUNTA ACHEGA 16,7 MILLÓNS PARA A REACTIVACIÓN DE VULCANO E O MANTEMENTO DOS POSTOS DE TRABALLO

- *Ao abeiro deste convenio, a Xunta de Galicia realizará unha achega adicional ao Fondo Patrimonial de Garantías de Pymar de case 17 millóns de euros*
- *Estas cantidades supoñen o 85% do financiamento preciso para que Vulcano remate en prazo o buque 533 e poida manter a súa carga de traballo e o emprego directo e indirecto*
- *Coa aprobación deste convenio, o Goberno da Xunta e a Consellería de Economía e Industria culminan o seu compromiso firme e irrevogable co estaleiro vigués e co sector naval galego*
- *O acordo autorizado hoxe polo Consello da Xunta garante que o destino único e exclusivo do importe global de apoio financeiro é a terminación e entrega do buque sísmico*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio entre a Consellería de Economía e Industria e a sociedade *Pequeños y Medianos Astilleros en Reconversión* (Pymar) para formalizar a operación de financiamento por valor global de 21 millóns de euros para o remate do buque sísmico 533 que permitirá a reactivación do estaleiro vigués Factorías Vulcano e o mantemento dos postos de traballo.

Ao abeiro deste convenio, a Xunta de Galicia realizará unha achega adicional ao Fondo Patrimonial de Garantías de Pymar de 16,7 millóns de euros. Esta cantidade supón o 85% do financiamento preciso para que Vulcano remate en prazo o buque e poida manter a súa carga de traballo e os postos de traballo directos e indirectos asociados á súa construción na importante industria auxiliar.

Coa aprobación deste convenio, o Goberno da Xunta culminan o seu compromiso firme e irrevogable co estaleiro vigués e co sector naval galego, coa única prioridade de garantir a actividade de Factorías Vulcano co seu conseguinte impacto no mantemento do emprego na comarca.

O convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta garante que o destino único e exclusivo do importe global de apoio financeiro é a terminación e entrega do buque sísmico 533.

EDUCACIÓN E GRUMICO COLABORARÁN PARA O TRASLADO A CENTROS ESCOLARES DE 15 ALUMNOS CON GRAVES DISCAPACIDADES

- *O acordo cobre os traslados entre o fogar e o centro educativo, e as viaxes en horario escolar aos centros de rehabilitación*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Grupo de Persoas con Discapacidade da Coruña (GRUMICO) asinarán un acordo de colaboración para que o alumnado con discapacidades poida desprazarse aos seus respectivos centros educativos. A reunión semanal do Goberno galego deu hoxe o visto e prace a este acordo, do que se beneficiarán este curso académico 15 escolares.

Trátase de escolares con distintos tipos de discapacidades que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades física e psíquicas particulares. Así, o convenio cobre os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan.

Ao abeiro do convenio GRUMICO comprométese a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Ademais nos vehículos poderán viaxar os cuidadores daquelas persoas que precisen atención individualizada, continua e permanente. Pola súa banda, a Consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos.

A Asociación GRUMICO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fin estatutario a defensa dos intereses das persoas discapacitadas, co fin de acadar a máxima atención social aos problemas que presentan, así como a súa propia recuperación, rehabilitación e integración na sociedade, para o que colabora con organismos e entidades que teñen relación coa problemática dos discapacitados.

Coa sinatura deste convenio, a Consellería de Educación facilita o acceso á escolarización ao alumnado galego, atendendo á súa diversidade e ás súas necesidades específicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL PRÍNCIPE FELIPE TERÁ SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, GRAZAS A UN ACORDO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**

- *Terán dereito a utilizar este servizo de forma gratuíta os escolares usuarios de transporte escolar*

Un total de 33 alumnas e alumnos do Centro de Educación Especial Príncipe Felipe poderán utilizar este curso o comedor escolar en virtude dun acordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial de Pontevedra. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura deste acordo, que terá vixencia durante todo este curso escolar.

En virtude do acordado, a Consellería aboará os importes das bolsas de comedor dos 33 escolares do centro que teñen dereito ao uso gratuíto deste servizo, por seren tamén os que se desprazan todos os días ata o centro en transporte escolar, debido á distancia que os separa dos seus fogares.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra é a responsable de prestar o servizo de comedor na Residencia provincial Príncipe Felipe, situada nas inmediacións do propio centro. Así mesmo, asumirá o acompañamento por parte do persoal docente ata a Residencia, e a atención e o coidado dos alumnos comensais nas súas instalacións, poñendo a disposición do comedor dúas persoas para tal fin.

Con esta iniciativa, e malia a crise económica que obriga a xestionar coa maior eficiencia os recursos públicos, a Consellería de Educación aposta novamente polos comedores escolares, ferramenta de grande importancia para o acceso á escolarización no medio rural, así como de grande axuda para a conciliación da vida laboral e familiar e, neste caso, para a atención á diversidade.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DAS PARCELAS EN QUE SE CONSTRUIRÁN OS NOVOS CENTROS DE SAÚDE DE MARÍN E A VALENZÁ (BARBADÁS)

O Consello da Xunta autorizou hoxe dous acordos para a aceptación da cesión de dúas parcelas feitas, de xeito gratuíto, polos concellos de Marín e Barbadás ao Servizo Galego de Saúde para a construción dos novos centros de saúde destes municipios.

Así, no caso de Marín, a parcela ten unha superficie de 2.612 m², e limita ao norte cunha vía; ao sur co predio matriz e co río Lameiriña; ao leste co resto do predio matriz; e ao oeste tamén co río Lameiriña.

O programa funcional deste centro de saúde inclúe unha área de medicina xeral e enfermería con doce consultas de medicina xeral, once de enfermaría, unha de matronas, unha sala de educación sanitaria e consultas de farmacia, odontoloxía, hixienista dental, médicos residentes e telemedicina. Ademais, terá despachos, salas de fisioterapia, extraccións e técnicas, e unha zona de radioloxía.

Ademais, terá unha área de pediatría con catro consultas de pediatría e tres de enfermaría pediátrica; unha área de administración, arquivo, almacéns e outros servizos comúns; e unha área de urxencias, con tres consultas de medicina e dúas de enfermaría, unha sala de reanimación e unha sala de observación e tratamentos.

Centro da saúde da Valenzá

Pola súa banda, a parcela cedida polo Concello de Barbadás para a construción do centro de saúde da Valenzá conta cunha superficie de 4.370,60 m², e limita con distintas parcelas catastrais e, ao sur, coa rúa das Burgas.

O seu programa funcional conta con seis consultas de medicina xeral, outras seis de enfermaría e unha de matronas; e salas de educación sanitaria, fisioterapia, extraccións, técnicas e polivalente. Ademais, terá unha área de pediatría -con dúas consultas de pediatría e dúas de enfermaría pediátrica- e unha área de administración, arquivo, almacéns e outros servizos comúns.

Plan de Modernización de Infraestruturas Sanitarias

Estes centros de saúde inclúense no paquete de licitación conxunta que executará o Servizo Galego de Saúde e que permitirá que máis de medio millón de galegos teñan proximamente un novo centro de atención primaria á súa disposición.

A licitación destes centros de saúde enmárcase no Plan de Modernización de Infraestruturas Sanitarias, que garante o carácter público de todos os investimentos e a prestación sanitaria universal e gratuíta para todos os galegos; mellora a sustentabilidade económica sanitaria, social, territorial e ambiental da rede de centros

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

sanitarios do Sergas; reduce os custos enerxéticos e de mantemento; incrementa a eficiencia dos servizos non sanitarios asociados; impulsa a xeración de emprego, tanto a curto prazo, para a construción das infraestruturas, como a longo prazo, para levar a cabo as tarefas de mantemento; e reforzará a rede de Atención Primaria ao longo da actual lexislatura coa construción de novos centros de saúde.

O SERGAS DESTINA Á ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA 19.000 EUROS PARA INCREMENTAR AS PRAZAS PARA ENFERMOS CON TRASTORNO MENTAL PERSISTENTE

- *Decidiuse incrementar en 10 o número de prazas en piso protexido, pasándose deste xeito de 24 a un total de 34 prazas*
- *En total, o Servizo Galego de Saúde destina máis de 4,6 millóns de euros en 2010 para o pagamento das prazas nos dispositivos complementarios de rehabilitación de enfermos con trastorno mental persistente*

O Servizo Galego de Saúde ten concertada a ocupación e reserva de prazas para enfermos con trastorno mental persistente con distintas entidades que actúan como dispositivos complementarios de rehabilitación. Neste marco, o Sergas destinará 19.565 euros para o aumento de prazas en piso protexido da Asociación de Axuda ao Enfermo Mental DOA.

Así, unha vez analizadas as necesidades da área en que exerce o seu labor esta entidade, decidiuse incrementar en 10 o número prazas, pasándose deste xeito de 24 a un total de 34 prazas.

En Galicia, o Servizo Galego de Saúde destina máis de 4,6 millóns de euros en 2010 para o pagamento das prazas nos dispositivos complementarios de rehabilitación de enfermos con trastorno mental persistente mediante a modalidade de concerto coas diferentes asociacións espalladas pola xeografía da Comunidade Autónoma.

Estes dispositivos vanse incrementando en función das necesidades detectadas en cada área sanitaria. Así, a planificación da apertura de novos centros procura evitar desequilibrios de cobertura nas distintas zonas.

En consecuencia, debido ao incremento da demanda destes dispositivos e vistas as necesidades de cobertura das diferentes áreas sanitarias e a súa priorización, o Sergas considerou oportuno levar a cabo esta medida de ampliación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A PRÓRROGA DO CONCERTO CON POVISA**

O Consello da Xunta autorizou hoxe acordos para prórroga do concerto que o hospital privado Povisa mantén co Servizo Galego de Saúde e que foi asinado o 29 de decembro de 2000, para a prestación de asistencia sanitaria especializada aos beneficiarios da Seguridade Social.

O actual concerto finaliza o 31 de decembro de 2010 e a Xunta de Galicia xa expresou o seu desexo e firme vontade de posibilitar a súa renovación.

Deste xeito, e por atoparse o concerto en vigor en fase de negociación, faise efectiva a cláusula trixésimo quinta, parágrafo segundo, do citado concerto na que se indica que *se vencese o período de vixencia do concerto ou calquera das súas prórrogas, ou cando se produza algunha outra causa de extinción de contrato, o órgano de contratación, mediante resolución motivada, poderá acordar que o adxudicatario siga a prestar o servizo por razón de interese público durante o tempo necesario ata a formalización dun novo concerto.*

O Goberno de Galicia toma esta determinación co fin de facilitar que por parte do hospital Povisa se poida planificar adecuadamente a organización e continuación do servizo e para asegurar a prestación da asistencia sanitaria adecuada ata a formalización dun novo concerto, tal e como faculta a mencionada cláusula contractual.

Esta medida imposibilita calquera expediente de regulación de emprego (ERE) que puidese ter intención de presentarte vinculado ao concerto co Servizo Galego de Saúde, e descarta calquera fundamento legal en que se puidese sustentar.

Con esta decisión, o Consello da Xunta de Galicia reitera a súa mensaxe de tranquilidade e seguridade tanto a traballadores como aos pacientes adscritos ao hospital privado Povisa garantindo a continuidade asistencial e imposibilitando axustes de persoal derivados do concerto en vigor.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CULTURA E TURISMO ACOMETERÁ AS OBRAS DE POSTA EN VALOR DO CAMIÑO FRANCÉS NO CONCELLO DE PORTOMARÍN, AO SEU PASO POR GONZAR, POR UN IMPORTE DE 325.000 EUROS**

- *O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o concello lucense para a execución das obras no tramo de Gonzar*
- *O proxecto enmárcase no Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago, deseñado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que prevé actuacións de recuperación en trece tramos do Camiño Francés por un importe superior aos 2,7 millóns de euros. En total, executaranse traballos de recuperación en doce concellos polos que discorre esta ruta xacobeá*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Portomarín para a realización das obras de restauración e posta en valor do Camiño Francés, ao seu paso polo tramo de Gonzar, por un importe de 325.000 euros. Esta é unha das trece actuacións previstas no Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago, elaborado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que se desenvolverá nun total de doce municipios de Galicia polos que discorre o Camiño Francés. A Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Fomento, con cargo ao 1% cultural, asinaron un acordo para o cofinanciamento destas trece actuacións de posta en valor cun orzamento total de 2.750.000 euros.

En detalle, no concello de Portomarín investiranse 325.000 euros para a valorización do núcleo de Gonzar. As instalacións aéreas actualmente existentes soterraranse, e eliminaranse todos os postes correspondentes a elas. Desmontaranse as caixas xerais de protección que están situadas en superficie sobre as fachadas e dispoñeranse encaixadas para a súa mellor integración. Nas rúas do lugar renóvase todo o pavimento actual por un pavimento de formigón lavado encintado con chapacuña, aproveitando a necesidade de demoler o pavimento actual, en mal estado, para a execución das gabias para as instalacións.

Así mesmo, na praza situada tras o albergue de peregrinos, ademais da pavimentación descrita, regularizarase a perspectiva, creando zonas de estar, rompendo a visión das granxas cunha barreira vexetal e unha lixeira elevación do chan, e situando un banco para o uso dos veciños e peregrinos. Substituirase a instalación de iluminación pública actual por unhas novas luminarias máis eficaces e mellor integradas no núcleo.

En virtude do convenio autorizado hoxe, a Consellería de Cultura e Turismo comprométese a contratar as obras indicadas, así como a dirección de obra e a coordinación de seguridade e saúde. Pola súa banda, o Concello de Portomarín comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos inmobles e dos terreos a favor da Consellería de Cultura e Turismo para que esta poida acometer a execución das actuacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Restauración e posta en valor dos Camiños de Santiago**

A primeira fase do Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago, elaborado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, recolle trece actuacións de recuperación da ruta xacobeá en doce municipios de Galicia polos que discorre o Camiño Francés. En concreto, inclúe actuacións nos municipios de Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Samos, Paradela, Monterroso e Palas de Rei na provincia de Lugo; e Melide, Arzúa, O Pino e Santiago de Compostela na provincia da Coruña. O obxectivo da Consellería de Cultura e Turismo é que o Plan se amplíe a todos os Camiños de Santiago no seu desenvolvemento futuro.

Con este programa de actuacións previstas nos tramos do Camiño Francés que precisan unha maior urxencia, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural incide directamente e de xeito inmediato sobre a configuración dos propios camiños de peregrinación, dos lugares de reunión e de uso que se estruturan ao seu redor e dos elementos esenciais que os bordean, limitan e lles dan forma. O Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago pretende rehabilitar e acondicionar os espazos públicos, carballeiras e patrimonio etnográfico do seu contorno co obxectivo de mellorar as condicións para o uso dos seus habitantes e dos peregrinos. O programa propón a recuperación sustentable e a posta en valor dos lugares de uso comunitario (prazas, fontes, lavadoiros, etc.) que serven de punto de encontro para a celebración de reunións, festas ou actividades comúns nos núcleos rurais. Son espazos de intercambio de cultura e coñecementos que fomentan as actividades sociais e que constitúen sinais de identidade propios e singulares da nosa paisaxe cultural.

AS CONSELLERÍAS DE ECONOMÍA E DE BENESTAR COLABORAN NA CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL EN CERCEDA

- *O novo servizo ofertará 40 prazas de centro de día e 22 de fogar residencial*
- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración para acometer este proxecto, no que o Goberno galego inviste 2,8 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de un convenio de colaboración entre as consellerías de Economía e Industria; Traballo e Benestar; o Concello de Cerceda e o Consorcio Galego de Igualdade para a construción dun centro de día e residencial nesta localidade coruñesa por un importe total de 2.808.096 euros distribuído en tres anualidades.

Este proxecto é un dos incluídos no Plan do Carbón 2006-2012 para o desenvolvemento integral e sustentable das comarcas mineiras. As novas instalacións de Cerceda ofertarán 40 prazas de centro de día e 22 de fogar residencial e estará integrado na Rede de Centros de Atención a Persoas Maiores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

A licitación da contratación da obra de construción do devandito centro foi recollida no Diario Oficial de Galicia (DOG) deste luns. Os pregos de contratación establecen que o prazo de presentación de proposicións será de 13 días e o de execución dos traballos ascenderá a 18 meses. Calquera información sobre o procedemento poderá solicitarse no Consorcio Galego de Igualdade.

A licitación deste centro de día e residencial é resultado da colaboración interadministrativa entre os departamentos que dirixen Javier Guerra e Beatriz Mato para a execución do Plan do Carbón, cuxa finalidade é implantar un novo modelo de desenvolvemento integral e sustentable das comarcas mineiras.

Así, do total do investimento, a Consellería de Economía e Industria achegará un total cantidade de 1,8 millóns de euros para a construción do centro, mentres que Traballo e Benestar dedicará 1,08 millóns de euros. Na anualidade correspondente a 2010, o investimento da Xunta ascenderá a 858.095 euros.

Este proxecto inscríbese na aposta da Xunta por uns servizos sociais profesionais e de para atender os nosos maiores e garantir o seu benestar, neste caso, no eido da atención de día. É preciso lembrar que desde a chegada ao goberno da Xunta puxéronse en marcha un total de 900 prazas de centro de día, o que supón case o dobre das que existían en 2009.

A CONSELLERÍA DO MAR DESTINA PRETO DE 6 MILLÓNS DE EUROS A UNHA NOVA PLANTA DE PROCESADO EN MOS

- *O Consello da Xunta autorizou esta subvención ao abeiro da orde de axudas para a transformación e comercialización convocadas pola Consellería do Mar*
- *Mar pretende, con estas subvencións, mellorar a competitividade do sector para promover un desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia*
- *A nova planta suporá o mantemento de 29 postos de traballo e unha redución do impacto ambiental*

A Consellería do Mar achegará 5.783.457 euros para unha nova planta de procesado en Mos (Pontevedra), dando así un impulso ao sector transformador e comercializador galego. A planta fabricará aceites e graxas refinadas a partir de subprodutos da pesca, como complemento para a elaboración de pensos para alimentación animal, o que supón un aproveitamento e unha valorización dos residuos xerados na industria pesqueira. O aceite de peixe, rico nos ácidos omega-3, utilízase para alimentación de animais, tras demostráranse as vantaxes para a súa saúde e benestar.

A nova planta situarase nun polígono industrial en Mos e substituirá a planta preexistente situada no centro de Vigo. Este traslado suporá o mantemento dos 29 traballadores que ten a empresa durante polo menos 5 anos. Ademais, terá efectos beneficiosos para a poboación desde o punto de vista ambiental, grazas, entre outros, á instalación dun sistema de tratamento de gases, que permitirá a eliminación da maioría de olores que afectan tanto a propia fábrica como zonas próximas. Tamén se vai utilizar un sistema que separará as diferentes augas da fábrica para o seu posterior tratamento diferenciado. Ademais as augas do proceso terán un tratamento na depuradora antes de seren vertidas á rede de fecais. A posta en marcha da nova planta suporá tamén unha mellora das condicións hixiénicas con respecto á planta anterior, debido a que as diferentes áreas ou zonas da empresa van estar completamente separadas e diferenciadas.

O Consello da Xunta autorizou esta subvención á empresa "Agrupación de fabricantes de aceites marinos S.A." ao abeiro da Orde do 21 de xaneiro de 2010, pola que se modifican as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos procedentes da pesca, do marisqueo e da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca.

Esta convocatoria dispón dun crédito por importe total de máis de 60 millóns de euros con que o departamento que dirixe Rosa Quintana pretende mellorar a competitividade para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Este é, precisamente, un dos obxectivos da Consellería do Mar, que quere que as empresas galegas consigan un maior nivel de diversificación e diferenciación da oferta e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

modernicen tecnoloxicamente os procesos de produción e distribución, reducindo os seus costes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA TRABALLA PARA POÑER EN MARCHA UN PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL DA BACÍA DO RÍO UMIA, CO FIN DE LOGRAR UNHA SOLUCIÓN DEFINITIVA NO ENCORO DE CALDAS DE REIS**

- *Para iso é necesario estudar a curto prazo e en profundidade a orixe deste problema, co gallo de determinar tanto as actuacións que deban realizarse para eliminar a proliferación actual das algas*
- *Estes pasos concluirán co desenvolvemento dun Plan de Xestión Integral da bacía do Umia, que estará redactado no vindeiro mes de febreiro de 2011*
- *Na reunión do Consello da Xunta deste xoves aprobouse un informe polo que se da conta da declaración de emerxencia de subministración de auga potable para abastecemento á poboación dende a ETAP de Caldas de Reis*
- *Esta actuación de emerxencia, na que se estima un investimento de 115.000 euros, solucionou a diminución na capacidade de tratamento da estación potabilizadora de Caldas*

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, está a traballar para poñer en marcha un Plan de xestión integral da bacía do río Umia. Este plan materializarase nun conxunto de medidas que actúe sobre os múltiples procesos que están a influír na proliferación da Microcystis no encoro de Caldas de Reis, e así, atopar unha solución definitiva a esta situación.

Para isto cómpre estudar a curto prazo e en profundidade a orixe deste problema, co gallo de determinar tanto as actuacións que deban realizarse para eliminar a proliferación actual das algas, como de definir unhas prácticas adecuadas de explotación do encoro de Caldas que impidan a repetición deste episodio.

Visión xeral

Co Plan de Xestión Integral obtérase unha visión xeral do estado da bacía do Río Umia que permita identificar as causas do fenómeno e obter unha solución efectiva, fronte as actuacións parciais que se estaban realizando ata o momento. Así, entre outros recompilarase información procedente de:

- Planificación hidrolóxica, información hidrolóxica e territorial no marco do Plan Hidrolóxico Galicia Costa, con incidencia no estado das masas de auga, programa de medidas e réxime de caudais ecolóxicos, así como datos da rede de aforos.
- Calidade das augas, datos das redes de calidade das augas, con especial incidencia no seguimento específico do protocolo de seguimento de cianobacterias no río Umia. Analizarase ademais o Estudo sobre a problemática de eutrofización e proliferación de cianobacterias do encoro de Caldas de Reis.
- Plan de saneamento, situación actual e planificación das actuacións necesarias.
- Seguimento da explotación das EDAR, informes relativos ao funcionamento das EDAR, dentro dos controis realizados pola AHG.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Conservación e limpeza das canles e ribeiras dos ríos na zona de afectación do dominio público hidráulico, análise do estudo de diagnóstico integrado, monitorización e seguimento das afeccións no medio físico, hidroloxía e biocenose pola construción e funcionamento do encoro de Caldas de Reis sobre o tramo inferior do río Umia e na súa desembocadura.
- Datos dos puntos de vertedura inventariados na bacía do río Umia augas arriba do encoro de Caldas.
- Información sobre usos do solo, explotacións forestais, agrícolas e gandeiras
- Proxecto e Normas de explotación da presa de Caldas, datos históricos da explotación.

Finalmente, toda esta información deberá ser procesada de cara a facilitar a diagnose da situación actual e a elaboración do mencionado conxunto de medidas. Así, as accións fundamentalmente irán encamiñadas á:

- Xestión do encoro
- Modificación do réxime de fluxo
- Optimización das plantas de tratamento de augas residuais e mellora das redes de saneamento
- Protección e rehabilitación das vexetacións de ribeira e acuática.
- Control das verteduras non autorizadas e das malas prácticas agrarias.

Con este escenario, estase a traballar en actuacións como: o seguimento e toma de datos, incluíndo analíticas extraordinarias e periódicas para a comprobación da presenza de toxina dentro das cinobacterias, toxina que non se detectou; así mesmo, e tal como xa indicamos, realizouse un reforzo do abastecemento; iniciouse a limpeza do vaso do encoro, mobilizando para iso 3 equipos de Augas de Galicia na zona durante dous meses.

Así mesmo, estanse a iniciar os traballos para levar a cabo o derrubamento de dous edificios abandonados e estase limpando, ademais de acondicionar, a zona expropiada, para iso estase a tramitar un contrato de servizos que se podería licitar nos vindeiros días e estase a redactar un plan para a xestión forestal desta mesma zona, como resposta ao estado de abandono en que quedou o encoro tras a xestión do Goberno bipartito.

Por outra banda, cabe sinalar que antes de que ocorrese este episodio de emerxencia, estábanse a levar a cabo accións de choque dirixidas a cuestións de abastecemento e de medidas que eviten as proliferacións, pasando por unha modificación do réxime de explotación. Todos estes pasos desembocarán no desenvolvemento dun Plan de Xestión integral da bacía do Umia, que estará redactado no vindeiro mes de febreiro de 2011.

Acordo no Consello

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Na reunión do Consello da Xunta deste xoves, deuse conta dun informe da declaración de emerxencia de finais do pasado mes de setembro de subministración de auga potable para abastecemento á poboación desde a ETAP de Caldas de Reis. Esta actuación de emerxencia, na que se estima un investimento de 115.000 euros, solucionou a diminución na capacidade de tratamento da estación potabilizadora de Caldas provocada pola necesidade de aumentar o número de lavados dos seus filtros.

Este expediente tramitouse ao abeiro do disposto no artigo 97 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público que establece a posibilidade de actuar de forma inmediata ordenándose polo órgano de contratación a execución do necesario, sen a obriga de tramitar expediente administrativo de licitación e de cumprir os requisitos formais establecidos na lei, a causa de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten a defensa nacional.

O precepto anteriormente mencionado establece que se dará conta do acordo correspondente ao Consello da Xunta no prazo de 60 días e que o prazo de inicio da execución das prestacións non pode ser superior a 1 mes desde aquel acordo.

Antecedentes

A finais do mes de setembro de 2010, produciuse no encoro de Caldas a punta da proliferación da cianobacteria microcystis. A falta de movemento da auga pola ausencia de choivas, a achega de nutrientes procedentes da bacía do Umia e o aumento de temperatura e lumisosidade nos meses do verán, favorecen a proliferación deste organismo. Aínda a existencia da bacteria non supón perigo para o consumo humano se non vai asociada coa presenza de toxina (e neste 2010 no se detectou), fai necesario proceder a continuos lavados de filtros que require a interrupción do tratamento e compromete o caudal que debe subministrar a planta ao sistema de abastecemento.

Con motivo da situación de emerxencia, o departamento que dirixe Agustín Hernández procedeu con premura, na forma máis conveniente e idónea para o interese público e xeral, mediante o servizo de transporte de auga potable en cisternas ao depósito de auga tratada de Caldas desde a ETAP de Vilagarcía de Arousa.

Como consecuencia destes feitos, acordouse a execución de actuacións de emerxencia correspondentes á Declaración de Emerxencia do 23 de setembro de 2010 con cargo aos orzamentos de Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO INVISTE MÁIS DE 600.000 EUROS NA REHABILITACIÓN DAS FACHADAS DUN EDIFICIO DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN LABAÑOU (A CORUÑA)

- *A reparación foi contratada polo procedemento de emerxencia, e deuse hoxe conta dela ao Consello da Xunta*
- *O 28 de setembro iniciáronse obras, contratadas polo procedemento de emerxencia, por importe de 604.378,14 euros, IVE incluído, e que afectan fundamentalmente a fachada principal do edificio*
- *Ao mesmo tempo estase redactando un proxecto para continuar coa rehabilitación das fachadas posterior e lateral*

O Instituto Galego da Vivenda e Solo comezou o 28 de setembro as obras de reparación da fachada do edificio Ferradura, portal 1º ao 10º, sito na rúa alcaldesa Berta Tapia, en Labañou (A Coruña) no que se detectaron patoloxías consistentes na fisuración do revestimento e, principalmente na fachada exterior, o derrubamento da folla exterior do cerramento por condicións do movemento da estrutura como dilatacións da fábrica. A obra foi contratada por procedemento de emerxencia, e deuse conta dela no Consello da Xunta celebrado hoxe.

Dada a importancia dos danos atopados no edificios de vivendas, contratouse unha actuación de emerxencia consistente en:

- 1º Estabilización do cerramento da fachada, naqueles lugares da fachada exterior con risco de desprendemento á beirarrúa.
- 2º Repicado daquelas partes do revestimento exterior das fachadas, que estean fisuradas.
- 3º Aplicación sobre toda a superficie da fachada exterior dun tratamento uniforme cunha pintura armada e ao mesmo tempo reparando pequenas fisuras das partes de fachada en formigón.

O coste desta intervención será de 604.378,14 euros (IVE incluído) e o prazo de execución de seis meses. As obras finalizarán a principios do vindeiro ano.

Ao mesmo tempo, comezouse a redacción dun proxecto para continuar esta actuación nas fachadas posterior e laterais do edificio.

A RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA EÓLICA SUPORÁ O MAIOR PLAN INDUSTRIAL DA HISTORIA DE GALICIA CUN INVESTIMENTO DE 6.000 MILLÓNS DE EUROS E A CREACIÓN DE 12.000 POSTOS DE TRABALLO

- *O informe elaborado pola Consellería de Economía e Industria, e do que hoxe tivo coñecemento o Consello da Xunta, reflicte que a resolución beneficiará a Galicia, os cidadáns e os concellos galegos*
- *O informe apunta que a convocatoria persegue os obxectivos fundamentais de recuperar o liderado eólico, minimizar os impactos ambientais, posto que non se permitirá ningún parque en Rede Natura, e maximizar o impacto socioeconómico asociado á construción dos parques e á posta en marcha dos plans industriais*

A resolución da convocatoria eólica de admisión a trámite de 2.325 novos MW eólicos suporá o maior plan industrial que existiu na historia de Galicia. Así o reflicte o informe elaborado pola Consellería de Economía e Industria e do que hoxe tivo coñecemento o Consello da Xunta.

O documento sinala que a inminente resolución do proceso non só suporá importantes beneficios para Galicia, posto que implica 6.000 millóns de euros en investimentos asociados á construción dos parques e á posta en marcha dos plans industriais, senón que repercutirá directamente nos cidadáns coa creación de entre 10.000 e 12.000 empregos.

O informe apunta que os beneficios para os cidadáns virán dados tamén polo feito de que a facenda pública ingresará máis de 1.000 millóns de euros polos novos parques e polas compensacións económicas que se recollen para os propietarios dos terreos. Do mesmo xeito, a resolución da convocatoria beneficiará directamente os concellos galegos.

O informe apunta que a resolución da convocatoria persegue os obxectivos fundamentais de recuperar o liderado eólico, minimizar os impactos ambientais, posto que non se permitirá ningún parque en Rede Natura, e maximizar o impacto socioeconómico asociado á construción dos parques e á posta en marcha dos plans industriais.

Estes obxectivos vanse acadar logo de ofrecer seguridade xurídica ao sector, racionalizar o procedemento administrativo autorizador desde a transparencia, a obxectividade e a axilidade administrativa, garantir os plans industriais a través dos requisitos financeiros e facer realidade un retorno económico á sociedade galega e aos territorios afectados pola instalación dos parques a través do Canon Eólico.

Coa resolución, en definitiva, Galicia recupera a senda do desenvolvemento eólico e industrial e cumpre cun contrato electoral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DO BO USO DOS MEDICAMENTOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INCLÚE TRES NOVOS FÁRMACOS NA SÚA SEXTA FASE

- *Trátase do Lecarnidipino (un antihipertensivo), a Glucosamina (para o tratamento da artrose) e o Ácido risedrónico (para o tratamento da osteoporose)*
- *O incremento na prescrición dos quince fármacos anteriormente incluídos nesta iniciativa supuxo un aforro máis de 6 millóns de euros entre xullo de 2009 e outubro de 2010*
- *A porcentaxe de envases xenéricos prescritos en Galicia aumentou dun 10,86% ao comezo da campaña ao 15,9% do pasado mes de setembro, fronte ao crecemento dun 1% anual nos anos anteriores*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, deu conta aos membros do Consello da Xunta dun informe sobre a sexta fase da campaña de promoción do bo uso dos medicamentos, en que se incluírán tres novos fármacos: o Lecarnidipino (un antihipertensivo), a Glucosamina (para o tratamento da artrose) e o Ácido risedrónico (para o tratamento da osteoporose).

Estes únense aos quince anteriores que xa forman parte da campaña, que son Amlodipino (antidepresivo), Venlafaxina retard (antidepresivo), Paracetamol 1 gramo en comprimidos efervescentes (analxésico), Metformina (antidiabético), Levofloxacino (antibiótico), Fentanilo transdérmico (analxésico), Atorvastatina (hipolipemiente), Ibesartán (antihipertensivo), Lorazepam (ansiolítico), Ibuprofeno (analxésico), Lozartán/hidroclotiazida (antihipertensivo), Salbutamol (broncodilatador), Clopidogrel (antiagregante), Fluvastatina (hipolipemiente) e Escitalopram (antidepresivo).

O incremento na prescrición destes quince fármacos incluídos na campaña supuxo un aforro de 5.267.359 euros entre xullo de 2009 e outubro de 2010. Así mesmo, a porcentaxe total de envases xenéricos ou de menor marca prescritos en Galicia aumentou do 10,86% ao comezo da campaña ao 15,91% do pasado mes de setembro. Esta cifra é aínda maior no que se refire á prescrición electrónica, xa que neste eido a porcentaxe de xenéricos ascende ao 23,2%.

Actualmente, o Servizo Galego de Saúde recibiu xa peticións de facultativos para cambiar preto de 36.000 prescricións, o que supón un aforro de 904.760 euros.

O aforro total nos 14 meses de desenvolvemento de campaña ascende así 6.172.119 euros.

Así, a prescrición de xenéricos nos centros de atención primaria da rede sanitaria pública galega aumentou dun 10,83% ao inicio da campaña a un 15,86% en o pasado mes de setembro, o que supón unha diferenza de 5,02 puntos porcentuais. Nos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

hospitais o incremento é maior, xa que se pasou dun 9,46% ao 16,42%, unha diferenza do 6,96%.

Isto permitiu que o gasto farmacéutico veña diminuíndo de forma sostida desde marzo, ata alcanzar o pasado mes de outubro os niveis de 2008. No que atinxe ao gasto por receita, amosa a mesma evolución descendente, e en setembro a diminución interanual era de 1,2%.

Outra das iniciativas impulsadas polo Servizo Galego de Saúde - dentro das medidas de boas prácticas de prescrición- é a de realizar o cambio da prescrición facultativa dos fármacos a fórmulas máis eficientes de forma centralizada.

Ademais, realizouse unha campaña informativa e de sensibilización para a poboación xeral a través dos medios de comunicación e un plan de inspección de seguimento das oficinas de farmacia na dispensación electrónica de receitas.

Tamén se realizaron reunións cos grupos de profesionais implicados no control do gasto farmacéutico; nos acordos de xestión asinados cos distintos centros recóllese a implementación das boas prácticas de uso dos medicamentos; e estase a fomentar a prescrición por principio activo, entre outras accións, mediante unha ferramenta que facilita este cambio aos médicos.

PRETO DE 300 MOZOS GALEGOS PRESENTÁRONSE ESTE ANO AO CERTAME 'XUVENTUDE CREA 2010' DA XUNTA QUE AVALIOU UN TOTAL DE 186 OBRAS

- *A Consellería de Traballo e Benestar informou hoxe no Consello da Xunta sobre o programa de creatividade para a mocidade que organiza a Consellería de Traballo e Benestar e ao que destinou este ano 280.000 euros*
- *Unha gala final, que se celebrará o próximo 30 de novembro na Coruña, recoñecerá o labor e a arte da xuventude galega*
- *Os primeiros galardoados de cada unha das 11 especialidades recibirán 3.000 euros, os segundos 1.500 euros e os terceiros 1.000 euros*
- *A Estratexia Xuventude 2013 dedica ao fomento da creatividade e do espírito empresarial un dos eixes principais de acción, propoñendo 20 medidas concretas para as propias iniciativas dos mozos e mozas galegos*
- *Unha das apostas do Goberno galego é crear o Circuíto Galego de Creatividade Xuvenil que promova cada ano máis de 120 accións de difusión dos novos valores da arte galega*

O certame 'Xuventude Crea 2010' recibiu este ano un total de 186 obras que representan a arte dos preto de 300 mozos e mozas galegas que se presentaron este ano ao programa que convoca a Xunta de Galicia.

O Consello da Xunta informou hoxe sobre a convocatoria que no ano 2010 incluíu un total de 11 especialidades diferentes: teatro, artes plásticas, moda, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, carteis e deseño de xoias. A iniciativa, para mozos e mozas de entre 16 e 30 anos residentes en Galicia, contou neste exercicio cun total de 280.000 euros.

Unha gala final, que se celebrará o próximo 30 de novembro no Teatro Colón da Coruña, recoñecerá o labor e a arte da mocidade galega. No evento participarán os gañadores de todas as especialidades, que recibirán os seus diplomas. O público poderá asistir a unha escolma das súas creacións.

Ata o de agora, os galardóns que xa se concederon foron os correspondentes ás modalidades de banda deseñada, música, moda, relato breve, poesía, carteis e videocreación. Mañá 19 de novembro coñeceranse os premiados de teatro e o día 20 os correspondente á opción de graffiti. A última semana de novembro farase a gala das obras de artes plásticas e deseño de xoias.

Os obxectivos fundamentais desta iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar é que os mozos e mozas poidan manifestar a súa inqueda artística e cultural a través do certame e ao mesmo tempo fomentar a creatividade xuvenil, como mostra do talento que amosa a mocidade galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

De feito, a Estratexia Xuventude 2013 dedica ao fomento da creatividade e do espírito empresarial un dos eixes principais de acción, propoñendo 20 medidas concretas para as propias iniciativas dos mozos e mozas galegos.

Neste sentido é preciso destacar que a previsión da Xunta é aglutinar todas as exposicións e actuacións que se leven a cabo para que sexan o inicio do Circuito Galego de Creatividade Xuvenil.

Neste obxectivo traballa a Xunta para que en 2013 se desenvolvan máis de 120 accións de difusión dos novos valores da arte galega. Así mesmo, un dos obxectivos que persegue a Xunta é ofertar aos concellos e asociacións xuvenís un programa que facilite un escenario móbil totalmente equipado para a celebración de concertos das bandas locais.

Os premios

Os gañadores de cada unha das especialidades de Xuventude Crea contará cos seguintes premios en metálico: 3.000 euros para os premiados en primeiro lugar; 1.500 para os segundos; e 1.000 para os terceiros.

Ademais, os premiados en teatro e música terán a oportunidade de representar as súas creacións nunha serie de actuacións por diferentes concellos galegos. O gañador participará en dúas actuacións e o segundo e terceiro clasificado nunha.

Pola súa banda, os tres primeiros clasificados en artes plásticas poderán participar en exposicións colectivas nas casas da xuventude e locais de mostras tanto públicos como privados, en Galicia, Castela León e Norte de Portugal.

Ademais, os finalistas dalgunhas modalidades recibirán unha axuda económica para poñer en valor a súa creatividade. Así, en teatro percibirán 650 euros por grupo; en moda 1.000 euros por deseñador e 3.000 euros en formación para os tres primeiros; na categoría de música recibirán 600 euros por grupo e 300 euros por solista e en graffiti 350 euros por participante.